

VÍA ROMANA XIX

por BECERREÁ e BARALLA



Relevo de Vilarín (S. I-II d.C.)
Becerreá

www.deputacionlugo.gal | terrasdomiño.com
osancareslucenses.com | arqueoancares.blogspot.com
www.concellobecerreá.es | www.concellobaralla.es



DEPUTACIÓN DE LUGO




OS ANCARES LUCENSES
RESERVA DA BIOSFERA



TERRAS DO MIÑO LUGO
RESERVA DA BIOSFERA



CONCELLO DE BARALLA




CONCELLO DE BECERREÁ



Patrimonio das Ancares



Base de columna romana
Becerreá



Un dos itinerarios máis importantes para coñecer o trazado das vías romanas é o coñecido como **Itinerario de Antonino**. Recolle 372 vías terrestres repartidas polo Imperio, correspondendo tres (a XVIII, XIX e XX) ao territorio da Galicia actual, que unían as capitais dos conventos xurídicos de *Asturica Augusta* (Astorga), *Bracara Augusta* (Braga) e *Lucus Augusti* (Lugo). A **Vía XIX** data do ano 11 d. C., sendo, polo tanto, a máis antiga das vías galegas. Procedente de Ruitelán, Ransinde e A Braña (aquí consérvase un tramo espectacular de varios centos de metros), no Bierzo, entraba en Galicia polo Comeal, en Cervantes, onde aínda se pode ver un ben conservado tramo (*agger*).

Na **comarca dos Ancares**, a vía discorría, no **concello de Cervantes**, polo Comeal, Xestoso, San Miguel, Vilarello, A Ponte de Doiras, As Casas do Río, Vilanova, O Fabal, Santa Xusta, San Martín das Canadas, San Tomé de Cancelada e A Estrada, continuando, no **concello de Becerreá**, por As Pontes de Gatin (*mansio* de Ponte Neviae), A Borquería, Ouselle (*mutatio* de Vilarín), Cadoalla (asentamento do Enciñal), O Cereixal, O Casar, Todón de Abaixo e A Lagúa. Logo, xa no **concello de Baralla**, ía pola Ponte de Neira, A Condomiña (xacemento do Agro de Pedreda), Carballedo, A Pena, Val e A Barrosa, adentrándose, no **concello de Castrolibelo**, pola Abelleira onde se conserva un tramo orixinal. A grandes trazos, xa na **comarca de Lugo**, seguía por Pereira, Furís de Abaixo, Mirandela, Miranda, Tórdea (Castroverde), Rubial, Chavín, Ermida das Virtudes, Adai, Arxemil (O Corgo), Coeo, Viador, Conturiz e cidade de Lugo.



As Pontes de Gatin

Nas inmediacións da Vía XIX, entre O Comeal e Lugo, documéntanse varios **bens patrimoniais**: 25 castros, 26 explotacións mineiras, un campamento temporal de época romana, miliarios, igrexas, capelas, castelos, pontes, muíños, hórreos, etc., sen esquecer a fermosa paisaxe que non abandonará ao camiñante durante todo o percorrido.

A **distancia** entre O Comeal e Lugo, sinalizado con fitos de pedra, ten unha lonxitude aproximada de 90 quilómetros.